

Texto: **HELIANE BERNARD**
Ilustracións: **OLIVIER CHARPENTIER**
Tradución: **EMMA LÁZARE**


Encadernado en cartón. 30x24 cm.
48 páxinas a toda cor
Dispoñible en:

- Galego: "Guernica"
ISBN 978-84-8464-654-9
- Castelán: "Guernica"
ISBN 978-84-96388-76-5
- Catalán: "Guernica"
ISBN 978-84-935912-3-6

Prezo: 17 €

GUERNICA

Picasso está abraiado. Vai dun lado a outro do taller. Berra. Chora... Colle o seu caderno de papel azul e debuxa con rabia. Un touro, un cabalo, unha muller...



Paris-Soir: «O bombardeo máis horrible desde o comezo da guerra de España. Mil bombas incendiarias lanzadas polos avións de Hitler e Mussolini reducen a cinzas a vila de Guernica»

Cun plantexamento cronolóxico, esta obra desgrana os episodios que conduciron á materialización dunha das obras da Arte Contemporánea máis famosas de todos os tempos. Entre maio e xuño de 1937, o pintor Pablo Picasso plasma toda a rabia, a impotencia e a dor que lle causa o bombardeo sobre Guernica.

O mural foi un encargo para representar a España na Exposición Universal de París, pero converteuse nun símbolo da liberdade, unha metáfora sobre o drama humano, o despropósito político e a antesala da debacle posterior, co estourido da II Guerra Mundial.

Heliane Bernard asómase á vida persoal do artista malagueño e repasa os feitos dende varios puntos de vista: aborda o complexo contexto histórico, métese na pel das vítimas da violencia, empatiza con aqueles que -como Picasso- asisten aos acontecementos dende a distancia e proxecta a conmoción que lle causa tanta destrución. As ilustracións de Olivier Charpentier, de trazos sobrios e audaces, xogan co simbolismo cromático: o vermello e o negro do sangue e da morte apodéranse do universo azul do pintor, dominando o seu impulso creativo.

O álbum contén un anexo con máis información sobre a historia de España na década de 1930 e unha biografía de Pablo Picasso que percorre a súa etapa parisiña, a súa evolución artística e a súa obra

máis universal; Heliane Bernard analiza os personaxes, elementos e composición do "Guernica" para que os lectores reflexionen sobre o seu significado: a crueza extrema dos conflitos bélicos, un berro contra a senrazón, un lenzo comprometido, que actualmente se pode visitar no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, de Madrid.

HELIANE BERNARD

Doutora en Historia pola Universidade de Lyon, é autora de varios libros de investigación. Fundou e dirixiu diversas revistas de arte. Actualmente é directora editorial, especializada en arte e literatura.

OLIVIER CHARPENTIER

Naceu en París en 1967, é diplomado na Escola Nacional Superior de Artes Decorativas; exerce como pintor e ilustrador de libros e colabora habitualmente con publicacións como *Le Monde* e *Libération*.

- **Temática:** a xénese do cadro de Picasso sobre o bombardeo de Guernica
- **Idade recomendada:** dende 9 anos
- **Aspectos destacables:** uso simbólico da cor; arte e historia; inclúe unha biografía do pintor, unha análise da obra e do contexto histórico
- **Aplicacións:** reflexión sobre a guerra; coñecemento da historia recente de España

